



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE SETEMBRO DE 2012

LICENZAS

OBRA E APERTURA.-

LIC/1163/2012 E LAP/215/2012.- GERIMEDICAL, SL.- Autorizar a legalización da nave industrial e outorgar as licenzas de obras e da actividade de almacenamento de produtos farmacéuticos e ortopédicos na Vía Edison (de), 40.

OUTRAS OBRAS.-

LIC/505/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Instalación dun ascensor na Avda. de Lugo nº 60.

LIC/1177/2012.- MARIA DEL PILAR CODESIDO BARREIRO.- Legalización de reforma en dúas vivendas en rúa Altamira (de), 16.

LIC/1164/2012.- JUAN CARLOS DOCE OTERO.- Estimación de recurso de reposición e outorgamento de licenza para construción dun alpendre en rúa Senande 43 A.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-

LIC/367/2012.- JOSÉ NIEVES NIEVES.- Parcelación da finca 1413 na zona de concentración parcelaria de Eixo – Marrozos. (+).

LIC/390/2012.- ALEJANDRO REY CAPEANS.- Segregación da parcela 2542 no lugar de Lavacolla (A) Finca rústica Polígono 519 do PGCP de Feiteira. (+)

LIC/893/2012.- JOSE MANUEL FONTENLA PICON.- Segregación dunha parcela en rúa do Monte Pío, 32. (-)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1429/2012.- INMOBILIARIA PAXONAL, S. L.- ... LIC/2289/2009 9.000 €.-

LIC/1428/2012.- MARCOS ANTONIO BARREIRO FONTENLA.- ... LIC/1871/2002 ... 2.957 €.-

5.- Sinalamento de festivos locais para 2013.

A XGL aprobou que os festivos locais para o ano 2013 sexan:

- 9 de maio, a Ascensión.
- 16 de agosto, San Roque.

6.- Aplicación da Ordenanza Xeral 4.31 ao prezo público pola entrada para visitar a exposición Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Á vista do informe favorable da Asesoría Xurídica do Concello, a XGL aprobou a posibilidade de establecer un prezo público para o Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela (que será establecido no seu momento polo Consello do Consorcio) así como a encomenda de xestión en favor do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

7.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á autorización do uso de instalacións do CEIP Apóstolo Santiago para desenvolver un curso de preparación para a obtención do graduado en educación secundaria de adultos.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Educación pola cal se permite o uso de instalacións do CEIP Apóstolo Santiago por parte da Fundación Radio ECCA para realizar o curso de preparación da proba libre para a obtención do Graduado en Educación Secundaria de adultos. Serán clases presenciais todos os martes e xoves de 19 a 21 horas.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais para dar conta da aprobación do pago do segundo prazo da subvención concedida para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2011.

Dáse conta da aprobación do pago por un importe de 80.087,66 €.

9.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello pola Deputación Provincial da Coruña destinada a actividades dos centros socioculturais do ámbito rural para o ano 2012.

Dáse conta da subvención por un importe de 140.000 €.

10.- Dar conta de dúas resolucións da Deputación Provincial da Coruña en relación cunha subvención para a realización do programa "En positivo. Por unhas relacións sen violencia".

Dáse conta das subvencións por un importe de 28.486,09 €.

11.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta da concesión de subvencións pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña para a contratación de traballadoras e traballadores desempregados/as

Deuse conta á XGL da proposta da Concelleira de Benestar e Muller pola cal se comunica a concesión dunha subvención por parte da Consellería de Traballo para a contratación de mulleres vítimas de violencia por un importe de 110.620,92 €. Isto permitirá a contratación de 10 mulleres vítimas da violencia.

12.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á convalidación da aceptación de subvención da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial para a realización do proxecto Pacto Local polo Emprego de Santiago.

Importe: 634.308,91 €.

13.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á concesión dunha subvención para a promoción do uso da Língua.

Importe: 11.147 €.

14.- Dar conta da sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para a asistencia social integral a mulleres inmigrantes, a través dun servizo de teletradución.

Dáse conta.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da concesión pola Consellería de Traballo e Benestar do permiso de inicio de actividades da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

Dáse conta do permiso. Número de prazas: 123.

3 unidades de 0-1 = 16

3 unidades de 1-2 = 39

3 unidades de 2-3 = 60

URXENCIAS

- Deportes: Dáse conta da realización do Día da Bicicleta.
- Urbanismo: Autorízase a realización do MusicWay en Amio
- Barrios: dentro do programa de obras en barrios que conta cun orzamento de 800.000 euros adxudícanse as obras da zona sector 24 (Rocha Vella) á empresa Construcciones La Rosaleda por importe de 28.868 euros máis iva.
- Persoal: iníciase o procedemento de contratación por procedemento aberto do servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e servizo de Centro de Atencións ao Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela establecéndose un tipo de licitación de 289.830,51 euros/ ano sen iva.
- Medio Rural: apróbase o inicio do expediente para a contratación das obras de limpeza e desbroce de cunetas e taludes en pistas das parroquias de Aríns, Figueiras, Grixoa, Laraño, Sabugueira (Lavacolla), Marantes, Nemenzo, Enfesta, Bando, Barciela, Berdia, Carballal, Cesar, Eixo, A Peregrina, A Gracia, San Xoán de Fecha, Santa Cristina de Fecha, Vilvestro, Busto e Marrozos mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 74.545, 45 euros máis iva.

- Apróbanse os proxectos a incluír no Plan Especial financiado pola Deputación da Coruña por importe total de 993.293,88 euros. (inclúense en documento adxunto).